

A **Asociación Cultura e Xuventude de Barro** constitúese o 07/12/92, con domicilio social en Barro.

A Xunta directiva está formada na actualidade por un grupo de xente nova comprometida pola cultura tradicional das Bandas de Música deste país, e que demostran o seu compromiso e a súa sensibilidade pola promoción desta cultura.

@s soci@s son na súa maioría pais/nais d@s integrantes da **Banda de Música**, alumn@s da **Escola de Música**, e músicos da **Banda** maiores de idade; eles son os que co seu traballo poñen en movemento á Banda e a Escola de Música.

Esta asociación está a desenrolar unha intensa actividade, coa programación de diferentes actividades entre os xóvenes e non tan xóvenes do Concello de Barro e de todo o territorio Galego.

XUNTA DIRECTIVA:

PRESIDENTE.....Miguel Escudero García

VICEPRESIDENTE.....Alfonso Búa Monteagudo

SECRETARIO.....Carlos Pazos Magariños

TESORERO.....José González Céspedes

VOGAIS:

Iván Abalo Barros

Cristina García Carballo

Laura Juncal Pájaro

Anabel Loureiro Vibel

Rebeca Romero Demuynck

Adrián Silva Magdalena

FINACIACIÓN DOS PROXECTOS DA ASOCIACIÓN

A financiación dos proxectos da Asociación baséase nas aportacións económicas e traballo dos socios, alumnos da Escola de Música e da Banda de Música. Puntualmente colaboran coa asociación veciños, empresarios, comerciantes e Xuntas de Montes do concello de Barro e comarca.

COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A Asociación Cultura e Xuventude conta coa colaboración da Xunta de Montes da parroquia de Perdecanaí para utilización do local parroquial de Suavila como lugar de impartición das clases da Escola de Música e dos ensaios da Banda de Música Xuvenil de Barro.

Empresarios, comerciantes e veciños do concello de Barro e concellos da zona, así coma o Concello de Barro, colaboran puntualmente todos os anos na organización do festival e coas publicacións da asociación. esta forte e estable colaboración vese ano tras ano incrementada pola estreita colaboración coa Banda de Música, e o éxito que colleita a organización do festival de Bandas que se Celebra en Barro cada ano no mes de Setembro.